


NOTA

Presentación do libro *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo* coordinado polo investigador de HISTAGRA Lourenzo Fernández Prieto no VI Feira Ribadense do Libro "Letras no Campo"



Sobre o libro:

A publicación está coordinada polos investigadores de HISTAGRA Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho e nel teñen artigos os tamén compoñentes do Grupo, Conchi Lópz, Rafael García, Aldara Cidrás, Xavier Buxeiro, Judith Carbajo e Iria Morgade. Os lectores coñecerán neste libro as dimensións sociais dos verdugos e os colaboradores. Canto se estende a marcha da violencia do golpe. Coñecerán os golpistas perseguindo as autoridades, empezando polas militares. Como foron fusiladas autoridades civís, militares, policiais e administrativas sen que imaxinasen que ían ser executadas, porque esa posibilidade non formaba parte do seu mundo, nin da súa experiencia vital e política.

Sobre a presentación:

A organización da VI Feira Ribadense do Libro e o concello de Ribadeo, xunto a HISTAGRA e a Editorial Galaxia, organizan a presentación de *Golpista e Verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo* o día **6 de xullo ás 19:30 h. na Sala de Exposicións do Parque de San Francisco.**

Interveñen:

Fernando Suárez Barcia, Alcalde de Ribadeo
Antonio Deaño Gamallo, Profesor de literatura
Lourenzo Fernández Prieto, HISTAGRA- Catedrático de Historia Contemporánea. USC